

---

# OS TRES PORQUIÑOS

Adaptación de XOSÉ BALLESTEROS

Ilustracións de MARCO SOMÀ

---

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €.

**Os tres porquiños** (galego)

ISBN 978-84-8464-278-7. Os contos do trasno.

**Los tres cerditos** (castelán)

ISBN 978-84-8464-277-0. Libros para soñar.

**Els tres porquets** (catalán)

ISBN 978-84-8464-279-4. Llibres per a somniar.

**Hiru txerrikumeak** (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-962-3. Kalandraka - Pamiela.

**Os três porquinhos** (portugués)

ISBN 978-989-749-072-9. Livros para sonhar.

**I tre porcellini** (italiano)

ISBN 978-88-95933-72-6. Libri per sognare.

*Había unha vez unha porquiña que tiña tres fillos.*

*Ela queríaos moito, pero como xa medraran abondo,*

*animounos a que marchasen polo mundo na procura de fortuna.*

*Os tres porquiños foron vivir ao bosque e un día*

*oíron que por alí roldaba un lobo moi feroz...*

Casa de palla, casa de madeira, casa de pedra e ladrillo...

Diferentes materiais para tres porquiños ben distintos entre si

-un moi preguiceiro, outro algo traballador e outro moi traballador-  
que teñen unha cousa en común: o medo ao lobo.

Un coñecido conto popular de estrutura repetitiva que invita a ler,  
contar, soprar e resoprar, como fixeron os protagonistas  
cando venceron a adversidade. Como todos os clásicos,  
destaca polo seu ritmo narrativo, propio da oralidade.

Esta adaptación sobresa e tamén pola súa proposta plástica,  
de tonalidades cálidas e chea de detalles, tanto na arquitectura  
e na decoración dos espazos domésticos, como na expresividade  
dos personaxes.

---

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com

---



---

■ **Temática:** adaptación do conto popular inglés.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** superación da adversidade, traballo, astucia, aprendizaxe, madurez; do autor de "O coelliño branco", "Tío Lobo", "Os sete cabritos", "O traxe novo do rei", "Os tres osos", "Imaxina animais"; do ilustrador de "A galiña roxa".

---

## Xosé Ballesteros

(Vigo, 1956)

Editor, co-fundador de KALANDRAKA, escritor e tradutor. Publicou, entre outras obras, a novela "Talego" (Xerais, Premio García Barros). No eido da Literatura Infantil e Xuvenil é autor da serie "Os Gordibolas" (Xerais), do libro "Imaxina animais" e adaptou contos tradicionais como "O coelliño branco", "O traxe novo do rei", "Os tres osos" e "Os sete cabritos" (KALANDRAKA), ademais de traducir ao castelán a antoloxía "Fernando Pessoa: selección poética" (FAKTORÍA K, 3º Premio Nacional aos Libros Mellor Editados 2015).

## Marco Somà

(Cuneo, Italia, 1983)

Estudou Pintura na Academia de Belas Artes de Cuneo e participou no Master *Ars in Fabula* de Macerata. É ilustrador profesional, con varios álbums infantís publicados, e imparte clases de ilustración. A súa obra foi seleccionada para a Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña, a Mostra Internacional de Ilustración para a Infancia de Sàrmede, a Bienal de Ilustración de Bratislava e o Anuario da Asociación Italiana de Ilustradores. En 2015 gañou os premios de ilustración Emanuele Luzzati e Giovanni Arpino.  
<http://marcosoma.blogspot.com>

